

Rosa Pascual Abal

D. Lois Tobío:
unha aproximación biográfica

Cadernos do IEM

Nº 2 D. Lois Tobío, unha aproximación biográfica

Edita: IEM (Instituto de Estudos Miñoranos).

Redacción e administración:

Apartado 30, 36380 (Gondomar-Val Miñor).

Teléfono: 986 36 08 25.

e-mail: ieminhoranos@hotmail.com

Internet: <http://www.ieminhoranos.org>

Director: Carlos Méixome Quintero.

Coordenador da colección: Laudelino Pellitero Ramilo.

Portada: Retrato de Juan Boris Guréwitsch.

Autora do caderno: Rosa Pascual Abal.

Corrección Lingüística: María Xosé González Chamorro
e Carlos Meixome Quintero.

Realización gráfica: papelaría.

Depósito legal: VG - 563 - 2001

Val Miñor, Xuño-2001

As opinións dos artigos publicados non reflicten necesariamente as do Instituto de Estudos Miñoranos e son responsabilidade da autora.



Esta publicación está subvencionada pola
Concellería de Cultura do Concello de Gondomar.



Índice

Introducción	5
i. As raíces	6
II. Os anos de formación. Compostela. Alemaña.	9
III. As actividades culturais e políticas a prol do galeguismo.	13
IV. Os primeiros traballos. A carreira diplomática.	19
V. A Guerra.	22
VI. A vida no exilio: Cuba, México, Uruguai. O traballo. Os amigos.	25
VII. O seu traballo como galeguista no exilio	32
VIII. O regreso.	36
IX. O reingreso na carreira.	38
X. As mulleres na vida de Tobío.	39
XI. O traballo sobre o Conde de Gondomar.	40
XII. Dous homes, un retrato.	42
XIII. Recoñecementos.	45
Bibliografía.	47

Introducción

D. Lois Tobío Fernández é, lamentablemente, un persoeiro pouco coñecido nos sectores maioritarios da cultura en Galicia. Pertence a unha xeración de xente moi preparada intelectual-mente, que comezaba a xogar un papel destacado na política galega e española nos anos da II República, á que a Guerra Civil tronzou a vida, e frustrou as esperanzas levantadas dos seus primeiros traballos e iniciativas. Ademais, as peculiaridades da transición política á democracia teceron sobre eles un pano de silencio.

Coñecín a Tobío a través do Conde de Gondomar. Os profesores de historia do IES Escolas Proval iniciáramos o estudio desta personaxe, por ser unha das figuras sobranceiras que naceron na vila de Gondomar; deste xeito foi como nos atopamos coa súa obra. Del sabíamos que fora galeguista e que participara no Seminario de Estudos Galegos, pouco máis; a medida que fomos ampliando o noso coñecemento, aprendemos a recoñecer, valorar e estimar, tanto a súa obra, como a súa calidade humana.

Co motivo do acordo do Concello de Gondomar de poñer o seu nome ao Auditorio Municipal, o Instituto de Estudos Miñoranos creu necesaria a elaboración dun caderniño que espallase a súa personalidade a nivel popular. Este é o obxectivo desta publicación. Non é, nin pretende ser un estudio biográfico completo, senón unha modesta contribución, un primeiro avance do recoñecemento que futuros estudos lle darán, sen dúbida, a este home tan enraizado na nosa cultura.

I As raíces

Lois Tobío naceu en Viveiro o 13 de Xuño de 1906 no seo dunha familia de clase media e alto nivel cultural. O seu pai, Lois, mestre, fora destinado a Viveiro, onde casou con Mérida, unha señorita da vila, filla da dona da casa do novo mestre. Terán nove fillos, cinco mulleres e catro homes.

Lois Tobío pai, estudou en Madrid. Comezou a carreira de Farmacia e rematou a de Maxisterio. Estivo en contacto coa Institución Libre de Ensinanza, onde aprende os métodos educativos que logo empregará, baseados na investigación e na actividade dos alumnos, unha mostra desta metodoloxía son os "paseos pedagóxicos" que fai co seu fillo tanto nos arredores de Viveiro como nos de Santiago.

Era un home conservador, cunha gran inxenuidade cultural, moi interesado na historia e no folclore, afeccionado a recoller lendas e cancións populares, sobre isto publicou un ensaio titulado "Colección de cantigas da Mahía". Tiña unha ampla formación humanística e científica, gustaba do teatro, da música e mesmo publicará algún libro de poesía.

Estivo relacionado co rexionalismo e foi membro da Academia Galega, institución presidida entón por Manuel Murguía. Era curmán de Rosalía de Castro



a quen coñeceu, aínda que a relación máis intensa mantívooa coa filla desta, Alexandra. O seu fillo conservou unha carta de Rosalía que actualmente está depositada na Fundación Penzol. Tobío dinos del:

"...fora un home recto e bo, católico e de dereitas, pero cun senso ético, cívico, solidario e liberal. Nel tiven un pai e tamén un mestre..., ensinoume a ser disciplinado, metódico, responsable e respectuoso cos demais e coas súas opinións; e respectou as miñas cando fun adulto.."

A nai, Mérida, tivo a deficiente formación que daquela recibían as señoritas das vilas, pero remediou estas eivas con intelixencia e capacidade de decisión; será ela a que máis loite polos estudos dos fillos e fillas (todos menos unha chegaron a ser universitarios) e quen, cando algún deles, ao rematar a guerra, o necesite, buscará o xeito de axudarlles e, abofé que o conseguirá. Será tamén ela quen os defenda cando sexan criticados polas súas ideas, aínda que non as comparta. Na familia materna hai outras mulleres de similares características (a avoa, a tía); no seu contacto aprendeu Tobío a respectar e valorar ás mulleres.

A familia da nai era de orixe fidalga e, a pesar de teren perdida xa esa condición, conservaban trazos e valores propios dese grupo social.

Os primeiros anos transcorren en Viveiro, felices e ricos en experiencias. Viveiro é unha vila pesqueira, situada na desembocadura do Landro, á entrada da ría do mesmo nome. As súas

¹ Tobío, Lois: "As décadas de T.L.." Edicións do Castro. Sada 1994. Pax 529



orixes sitúan-se nos séculos XII-XIII, foi un núcleo de poboación importante no XVI e XVII, con grande actividade económica (madeira, viño, liño...). É polo tanto unha vila cunha importante tradición cultural que, nos anos da infancia de Tobío, manifestábase nos ciclos festivos do Nadal, Entroido, Semana Santa, Maíos e S. Xoán, que tiñan, e aínda teñen, gran importancia e participación popular, sendo algúns deles coñecidos en toda Galicia.

Despois da voda, os seus pais instálanse na vivenda do mestre, no edificio do convento de S. Francisco, de estilo oxival, un dos máis antigos e fermosos da vila (s. XIV-XV); a ela accedíase polo claustro (fig 1), no que as reixas de ferro rematadas en puntas de lanza, levaban ao pequeno Tobío a imaxinar as batallas entre antigos guerreiros.

Pola súa familia pertencía ao grupo dos "señoritos", cos que xogaba na praza, pero na escola a maioría dos seus compañeiros eran fillos de mariñeiros que lle contaban historias de naufraxios, de peixes raros, de anuncios da morte, de barcos e das sereas que habitan no mar, con eles xuntábase no barrio mariñeiro. Xa daquela relacionábase en diferentes ambientes, o que vai ser unha constante na súa vida.

Algúns veráns, de neno, pasábaos na Amaía, comarca situada ao oeste de Santiago, da que se ten dito que "é toda

Galicia en grandiosa síntese". Alí nacera o seu pai. Nas casas dos seus parentes contactará co mundo labrego, participará dos traballos do campo (a malla, a vendima, ter conta do gando etc.); polas noites, ao pé da lareira escoitará contos de vellos, das guerras, da emigración, da Santa Compañía e tamén de troula. Chamaralle a atención a permisividade moral dos campesíños con respecto ao comportamento sexual, en contraste coa rixidez vilega.

Galicia en grandiosa síntese". Alí nacera o seu pai. Nas casas dos seus parentes contactará co mundo labrego, participará dos traballos do campo (a malla, a vendima, ter conta do gando etc.); polas noites, ao pé da lareira escoitará contos de vellos, das guerras, da emigración, da Santa Compañía e tamén de troula. Chamaralle a atención a permisividade moral dos campesíños con respecto ao comportamento sexual, en contraste coa rixidez vilega.

II Os anos de formación. Compostela. Alemaña

Ao cumprir nove anos, a familia arelando a mellor formación para os fillos, múdase a Santiago. O cativo Tobío comeza os seus estudos secundarios no Instituto, ao mesmo tempo iniciábase no solfexo e na fruta, espertándose nel unha gran afección á música que conservará toda a vida.

En canto á súa formación relixiosa, na adolescencia tivo unha etapa de contacto co misticismo (Sta. Teresa e S.Xoán) e coa práctica católica, despois dun tempo nunha congregación dirixida polos xesuítas, irase cara a unha relixión menos ritualista. Sobre este tema comenta:

*"a vida relixiosa naquel Santiago era a que correspondía a unha cidade pequena con sé arcebispa, quer dicir moita burocracia, moita hipocrisía, moita rexouba, moita cerimonia e pouca relixiosidade auténtica"*²

²Opus cit. Páx 176



En Viveiro, onde pasará os veráns ao rematar o bacharelato, terá relación de amizade, aínda que son maiores ca el, cos irmáns Vilar Ponte: Antón e Ramón. Antón, o maior, fundara na Coruña, en 1916, a primeira das Irmandades da Fala,

que rapidamente se estenderán, prendendo o alborozo galeguista nas vilas e cidades máis importantes do noso país. Tobío descríbese como home pragmático e reflexivo, pola contra de Ramón sinala o seu carácter nervioso, fráxil e idealista, e mesmo aquel que empurraba a Antón nas súas empresas.

D. Lois accede á universidade nos anos da Dictadura de Primo de Rivera. Matricúlase en primeiro de Filosofía e Letras, que tamén era preparatorio para Dereito, e nun curso de alemán, que lle será de moita utilidade no futuro. Na facultade fai amizade con Fermín e Lois Bouza Brei (o primeiro xa está a piques de rematar a carreira), Filgueira Valverde, M. Magariños, Cordal etc. Con algúns deles creará a revista "Adral" de tipo satírico, que criticaba o que sucedía na universidade e na cidade.

No ambiente universitario a maioría dos alumnos e profesores eran contrarios á Dictadura. Moitos deles eran republicanos e estaban divididos en dous grupos; os galeguistas, entre os que

se movía Tobío, e os non galeguistas. A pesar das diferencias, as relacións entre ambos sectores eran fluídas. Achábanse unidos pola tarefa de acabar coa Dictadura. Tobío mantén bos contactos co primeiro grupo, o que lle permitirá escoitar, na casa de García Sabell, a Rafael Dieste ler a obra, daquela inédita, A fiestra baldeira

En Santiago había faladoiros nos que se opinaba de todo e especialmente de política. Un era no café Español, ao que acudirá Blanco Amor cando veña de Bos Aires; outro na librería de Arturo Cuadrado, polo que pasaron Ánxel Fole, Luís Manteiga, Álvaro Cunqueiro e os artistas plásticos Maside, Eiroa, Colmeiro e sobre todo Luís Seoane; con algúns deles volverá a relacionarse nos anos do exilio

Ao remate da carreira, co mellor expediente da súa promoción, recibe un premio da Fundación Fernández Carril. Xa no derradeiro curso, recibira polo mesmo motivo, outro que lle concedera a Caixa Postal de Aforros. Aquel verán de fin dos estudos pasarao na Guarda, invitado por un compañeiro da facultade, Xoaquín Sobrino; visitará algunhas vilas próximas de Portugal, nas que di sentirse como na súa casa, sobre todo pola fala que alí ten a situación oficial que lle cómpre "*mentres en Galicia é desdeñada e esquecida pola burguesía e o señorío*"³.

En Xaneiro do 28 comeza o servizo militar, xunto con G. Laballe, no rexemento de Artillería de Santiago. Tobío xulga esta etapa como proveitosa xa que lle aportou a experiencia de realidades alieas e porque o puxo en contacto cos cabalos, aos que se fará moi afeccionado.

Ao ano seguinte marcha a Alemaña cunha beca de amplia-

³Opus cit. Páx 194

ción de estudos . En Berlín instálase con F. Fernández Armesto (Augusto Assia) e inicia a súa amizade con Francisco Ayala. Con ambos percorrerá a cidade.

No contacto coa xuventude alemana abríase, gratamente, da súa liberdade de costumes, sobre todo no que se refire ás relacións eróticas, libres e sen vencellos legais nin sentimentais, que se compaxinaban con outras de carácter romántico (el mesmo principiará alí unha relación na que se mesturaban ambos tipos). Outros trazos que observou nos seus compañeiros alemáns foron: o racionalismo, a necesidade de prevelo todo, que os levaba ao ordenancismo, a falta de sentido do humor e do espírito irónico propio dos galegos e, sobre todo, a seriedade e dedicación desinteresada coa que abordaban calquera estudio científico, que ás veces os conducía a rúas cegas, pero que en todo caso, era proba de modestía e honradez intelectual. Moito deste espírito influirá profundamente en Tobío na súa estadía en Alemaña.

Dos seus profesores de Historia Política destaca a Carl Schmitt e sobre todo a Herman Heller. Deste último atráelle a súa visión dialéctica, integrando o xurídico e o sociolóxico, a norma e o poder, a normatividade e a normalidade, e comparte moitos dos seus puntos de vista, de raigame socialista, máis críticos con algúns aspectos do marxismo. Xa no exilio traducirá o seu texto fundamental.

Durante esta etapa coñece a moitas personalidades interesantes, entre elas a Ramón Gómez de la Serna, cando foi impartir unhas conferencias na súa universidade.

Na primavera de 1930 chega a Berlín V. Risco, na súa compañía pasará moitas horas de conversas, a pesar do seu reac-

cionarismo e da súa visión pesimista da realidade, comparte con el o amor a Galicia e admira a súa cultura e intelixencia. Risco relatará estes encontros no *Mitteleuropa*.

Logo dun ano en Alemaña e xa sen cartos, decide regresar.

Tras pasar algún tempo en Santiago, no inverno do 31-32, vai facer os cursos de doutoramento a Madrid. A cidade tiña, naqueles días, unha intensa vida intelectual, con varios focos de irradiación. Un deles era a Residencia de Estudiantes, ao seu Auditorio acudirán a varios actos, entre outros ao Simposio presidido por Mme. Curie, no que participaron Ortega, Unamuno, Valery etc. Por veces tamén acode a algúns dos faladoiros onde "oficiaban" as grandes figuras do momento como Gómez de la Serna, Valle Inclán, Unamuno etc.

III As actividades culturais e políticas a prol do galeguismo

Cando Tobío estudia primeiro de Dereito, un grupo de alumnos de diferentes cursos, entre os que se atopan algúns dos seus amigos, xúntanse co profesor Armando Cotarelo e sentan as bases do que ía ser o **Seminario de Estudos Galegos**. Un centro de investigación e espallamento do coñecemento, cinguido á cultura e realidade galegas.

Para o acto de constitución, o 12 de Outubro de 1923, este grupo de fundadores marcharían a pé dende Santiago ata Ortoño, á casa do Castro, na que Rosalía vivira os seus primeiros anos coidada pola bisavoa de Tobío.

O Seminario converterase nos anos da Dictadura de Primo

de Rivera, nun dos principais instrumentos do quefacer cultural do galeguismo, papel moi importante, xa que a Dictadura impuxera unha forzada inactividade política, que obrigaba a centrar aínda máis o labor do galeguismo na cuestión cultural. Segundo Beramendi e Núñez, podemos falar dun segundo rexurdimento que deixa pequeno ao primeiro, pois xa non se limita á poesía e ao folclore, senón que abarca tamén a prosa literaria e case todos os aspectos das ciencias humanas e das artes. Ao respecto din estes autores sobre o Seminario:

"Constitúe sen dúbida a empresa científica e intelectual máis notábel de Galicia no século XX,"⁴

En torno a este e a revista "Nós" formárase doutrinalmente a xeración da que, na década seguinte, saíran os líderes e cadros do galeguismo, que nos anos da II República van concretar a súa acción política na creación do Partido Galeguista.

O S.E.G. organizábase en seccións: Ciencias Naturais, Xeografía, Ciencias Aplicadas, Historia, Filoloxía, Literatura... etc. que funcionan sen especialismos ríxidos. A pesar da gran variedade de proxectos, os temas de traballo foron sobre todo de carácter histórico e arqueolóxico. As dúas primeiras tarefas colectivas serán as de bibliografía e iconografía galegas, consistían en ler e fichar libros sobre Galicia e recoller fotos ou debuxos de monumentos, personaxes e paisaxes galegas para facer un arquivo iconográfico.

Comezáronse a celebrar xuntanzas semanais ás que van incorporándose novos profesores e alumnos, e chegaban

⁴Beramendi, Núñez: "O nacionalismo galego". Ed. A Nosa Terra, Vigo 1995. Pax. 136.

apoios e adhesións de toda Galicia, algúns de gran relevo como o do sector ourensán de "Nós" (Otero Pedrayo, Cuevillas e Risco), os de Pontevedra (Castelao e Losada), e os de Coruña (Lugrís, Antón Vilar Ponte,).

Cumpre destacar a incorporación de M. Lago, arcebispo de Santiago, home que procedía do Rexionalismo liderado por Brañas e que encabezaba o grupo de Tui, cando se organizaran os Xogos Florais tan sinalados para o galeguismo. Ao mesmo tempo ca el ingresou Castelao, cunha conferencia titulada "Do novo espírito". S. Cabeza de León, tamén rexionalista e brañista, será nomeado presidente do Seminario cando Cotarelo marche a Madrid; Tobío dinos sobre este momento:

"a nova institución xermolaba con grande pulo pois, en realidade, o seminario viñera ser un catalizador de ideas, sentimentos e arelas que andaban no ar, da sentida necesidade de unir esforzos e estruturalos a prol do desenvolvemento da nosa cultura".⁵

Neste contexto Tobío publica os seus primeiros traballos. Elabora unha descrición da vida en Santiago no século XVII e outro sobre o colexio de Viveiro fundado por Dña. M^a Sarmiento de Rivadeneyra. A falla de cartos fará que uns artigos se publiquen no boletín da Academia Galega, outros en "Nós", e algúns non vexan o prelo. A partir de 1925 a situación vai cambiar, xa que se reciben axudas económicas (Portela Valladares e outros) e pódense xa publicar, no ano 1927, os "Arquivos," na imprenta de Ánxei Casal.

⁵Opus cit. Páx. 126

Nos seguintes anos chegará a Santiago e unirase ao Seminario xente máis nova como Carballo Calero, Montero, Fernández del Riego, F. Rolán e outros, que xogarán un importante papel no futuro.

Durante os nove meses que durou o "servicio militar" Tobío segue a traballar na facultade e no Seminario, encargándose da sección de ciencias sociais, xurídicas e económicas. Ao ano seguinte empezarán as xornadas interdisciplinarias, a primeira, na que participa, farase polas terras de Melide.

Baixo a Dictadura había que establecer vencellos persoais, clandestinos, para comunicar as novas, proxectos etc, creando unha rede de contactos entre os galeguistas. D. Lois establece-raos con Cuevillas, un dos tres "grandes" de Ourense (xunto con Otero Pedrayo e Risco) polo que gardara del unha chea de cartas que se perderon nos anos da guerra.

O galeguismo neses anos vai retrasar a súa definición fronte á Monarquía ou á República, debido, segundo Bozzo⁶, principalmente á heteroxeneidade dos seus compoñentes. Hai sectores conservadores, como o de Risco contrarios á definición republicana, principalmente polo carácter democrático e laicista que esta contiña, outros como Vilar Ponte, Viqueira, Blanco Torres etc., defensores do republicanismo progresista e outros como o grupo de Bos Aires, Suárez Picallo, Blanco Amor etc. que teñen posturas socializantes. Esta situación favorecerá a dobre militancia no campo galeguista e en partidos republicanos dalgún deles como Vilar Ponte. A partir da proclamación da República no 1931, o problema resolverase co aparición do

⁶Bozzo, A: "Los partidos políticos y la autonomía en Galicia 1931-1936". Ed. Akal Madrid 1976 Páx 165

Partido Galeguista, que na súa declaración de principios une os conceptos de nacionalismo e republicanismo.

Á volta de Alemaña, no ano 30, Tobío atopa unha confusa situación política (gobierno Berenguer) na que a universidade é un centro de axitación. Nunha das xuntanzas do Comité Universitario coñece a Casares Quiroga, que non lle simpatiza, esta primeira impresión confirmárase co tempo.

A chegada da República é recibida con gran entusiasmo e moitas esperanzas, Tobío vai participar nunhas xornadas organizadas para explicar nas vilas (Noia, Viveiro...) o significado do cambio político, as bases e avantaxes do novo sistema.

No Seminario de Estudos Galegos, sentindo próxima a chegada da orde federal, a sección dirixida por Tobío encárgase de preparar un **Anteproxecto de Estatuto para Galicia**. Acórdase formar un grupo composto por Bóveda, Paz Andrade, Risco, Carballo Calero e o propio Tobío, os dous últimos ocupáranse da redacción partindo das contribucións de todos os compoñentes que llelas entregarían por escrito (as de Risco non chegaron a tempo, polo que non se tiveron en conta, o que motivou unha queixa pola súa parte) e servíndose tamén, como orientación, doutros textos constitucionais e estatutarios das nacións que chegaran ao autogoberno despois da Primeira Guerra Mundial.

O Anteproxecto consta de 41 artigos, o primeiro di: " Galicia é un Estado libre dentro da República Federal Española," cando sexa aprobada a Constitución, este proxecto, como todos os que partían do principio federal, deixará de ter viabilidade. Sobre o Anteproxecto escribe A. Bozzo:

"o ton democrático avanzado que caracterizaba ao ante-

*proxecto era innegable, feito que lle facía incompatible, ata certo punto, cos postulados políticos dalgúns membros da comisión redactora; sen dúbida, a man de Bóveda, Tobío e Carballo impuxeron o seu parecer nela”.*⁷

Este documento, se ben non foi utilizado como base de discusión para a elaboración do Estatuto, tivo unha importante influencia ideolóxica na formulación dos principios políticos do Partido Galeguista e as súas argumentacións foron frecuentemente utilizadas neste contexto.

Durante a súa estadía en Madrid estíbese a elaborar a Constitución republicana, polo que Vilar Ponte, Otero Pedrayo e Castelao que eran deputados, atopábanse tamén na capital; Tobío víase decote con eles nun café, foi a época na que mantivo unha relación máis continuada. Dos tres, era con Castelao con quen máis sintonizaba e co que manterá un trato máis achegado e persoal, sobre eles di:

*“tres tipos humanos de nobreza, bondade e sabenza que foi para min unha regalía chegar a coñecer e tratar naqueles días. Poucas veces na miña longa vida haberei de atopar homes de tan excelsa calidade”.*⁸

Ao rematar o curso, regresa a Galicia e incorpórase ao Partido Galeguista (constituído o 6-XII-1931, mentres el estaba en Madrid) no que se fundiran todos os grupos e figuras do galeguismo. Tobío entra a formar parte do Consello Executivo e par-

⁷Bozzo, A: “Los partidos políticos y la autonomía en Galicia 1931 - 1946”. Akal editor. Páx. 276
⁸Tobío. Opus cit. páx 261.

ticipa na redacción dos estatutos da organización. Para difundir o programa organízanse xornadas polas vilas e aldeas (o que Castelao chama “equipos sonoros”), nelas Tobío encárgase da denuncia do imperialismo.

IV Os primeiros traballos. A Carreira diplomática.

O seu primeiro traballo foi como axudante na cátedra de Dereito Administrativo dirixida por García Labella (home a quen chegará a apreciar moito pola súa intelixencia e preparación e que será asasinado polos franquistas). Tamén se lle encomenda pór en servizo a biblioteca da facultade: mercará libros, arranxará o ficheiro, porá mesas, calefacción etc. Por ela van pasar os personaxes que veñan visitar a facultade e os catedráticos novos como Recaséns, cos que establecerá relacións moi útiles para a súa formación.

Ao regreso de Alemaña volve á facultade como profesor auxiliar de Dereito Romano e Historia do Dereito ; dentro do curso vai impartir, en galego o que é posible porque xa estamos na República), un cursiño de Hª do Dereito Galego que interesará moito aos seus alumnos.

A principios do 33 volve a Madrid para facer as oposicións á Carreira Diplomática. O presidente do tribunal é Américo Castro, quen o examinou de historia. Ao aprobar como aspirante comeza o período de formación: cursos teóricos impartidos no ministerio e viaxes de estudo. Entre os seus compañeiros fai amigos como Francisco García Lorca, irmán de Federico, que vivía na

Residencia de Estudiantes e o convidaba aos actos da mesma.

As viaxes eran, ben por zonas do Estado, que tiñan relación coa produción e co comercio para a exportación (A Mancha, Andalucía, Levante), ben polo estranxeiro; en Xenebra seguiron un cursiño na "Ecole des hautes études internationales". Alí volveu atopar e ter varias conversas con Madariaga, que era xefe da delegación española na Sociedade de Nacións (tamén vai ser Secretario Xeral adxunto) ; era un home de gran prestixio e considerado como un dos puntais da S. de N. ; a viaxe continuou por Praga, Viena, Budapest e Berlín.

Ao regreso, Sánchez Albornoz, como ministro de Estado firmará o oficio polo que entra na Carreira co número 6, que lle permite escoller praza fóra de España.

O seu primeiro destino foi o viceconsulado de Xerusalén, pero despois, a petición dun compañeiro cámbiao polo de secretario de legación de Sofía (Bulgaria). Descríbenos a cidade como pequena, limpa e cómoda, sen grandes contrastes sociais nin económicos..

En Sofía contacta cun grupo de sefardís, cidadáns españois, que a pesar de non ter estado nunca en España, mantiñan costumes e sentían saudade do país do que botaran aos seus devanceiros.

Cando Tobío chega á capital búlgara, a situación política, moi revolta nos anos anteriores, estaba calma. Máis ao pouco tempo, maio do 34, o goberno, formado por unha coalición de catro partidos, tivo que enfrontarse a un golpe de estado. O rei, Boris, forzado polos militares dissolveu o parlamento e deu o poder aos sublevados, axiña foron suprimidos os partidos políticos, pecháronse os xornais da oposición e prohibíronse as liberdades cida-

dás; o goberno golpista non foi quen de resolver os problemas económicos, aínda que tomaron dúas medidas estimadas como populares: establecer relacións coa URSS e liquidar o problema macedonio. No ano 35 o rei Boris decide intervir e cambia ao xefe de goberno, a crise que desata remata na formación dun goberno civil, que vai seguir unha política de moderación.

Tobío relaciónase co mundiño diplomático, nel haberá de destacar ao Delegado Apostólico do Papa, monseñor Roncalli (futuro Xoán XXIII), home de gran cultura e trato sinxelo, cunha capacidade diplomática extraordinaria.

Unha das primeiras tarefas que lle cadrou cumprir, xunto co seu xefe de legación, foi un acordo comercial, no que se conseguiron avantaxes dabondo para os exportadores de Cataluña e Levante, por isto concedéronlle a Tobío a orde de cabaleiro de S. Alexandre polos búlgaros e a orde da República polo goberno español; ambas serán anuladas pouco despois, a búlgara polos comunistas e a española por Franco.

O seu traballo na legación consistía en procurar datos da situación política, socioeconómica etc. do país, xestionar asuntos que se tratasen co goberno búlgaro e a función de representación en xuntanzas sociais, comidas, festas etc. nas que se obtiña moita información e se iniciaban tratos e xestións.

Durante a súa estadia en Bulgaria, percorrerá o país, practicará o esquí, que era o deporte nacional, o tenis e a equitación, dedicará moito tempo á lectura e aprenderá búlgaro, interesándose por esta cultura, sobre a que di:

" sempre sentira grande interese polas literaturas "pequenas", as de linguas minoritarias, a miúdo asoballadas, e de cul-

tivo recén, por ser tamén o caso da miña”.

Aproveita as vacacións para facer viaxes interesantes e instructivas a Austria, Romanía, Turquía e Grecia.

V A Guerra

O golpe de estado vai cambiar completamente a situación. Nun primeiro momento toda a legación segue leal á República e así llo comunican ao goberno, pero canto ao seu xefe lle dá por pensar que quizais os republicanos poidan perder a guerra, decide pasarse ao bando dos inimigos, e proponlle a Tobío que faga o mesmo, el contéstalle que “*seguirá coa República, deica ao fin, viñera o que viñese.*” Isto provocou a ruptura de relacións. Tobío queda como xefe interino da legación, o goberno búlgaro trátalo como tal, pero, ao mesmo tempo, axéxao para ver se comete algún erro que lle sirva como desculpa para rachar coa República.

A comezos do 37 é trasladado ao ministerio en Valencia, onde estaba o goberno; Negrín, ao chegar á Presidencia, nomea a Giral como ministro de Estado e Tobío entra no seu gabinete, alí atopa a varios amigos, entre eles a Francisco Ayala. En Valencia visítalo Carballo Calero, tamén verá a Castelao que é enviado a unha viaxe a Rusia.

En maio dese ano tivo que facer visitas de inspección a varios consulados do sur de Francia, Bordeos, Niza, Marsella, por unhas denuncias que puxeron membros da CNT sobre certas anomalías no manexo do diñeiro, todas elas resultaron infun-

dados. No mes de xullo volta a saír pola mesma razón, esta vez ao norte de África: Arxel, Orán, Rabat, Casablanca, Fez, Marraquex e Uzda, cos mesmos resultados.

No mes de Outubro reúnense as Cortes en Valencia, asisten Castelao e Suárez Picallo, queren sacar adiante o Estatuto, prohibeselles dicindo que non había ningún presentado, o que non era certo, o galego presentárase en Madrid. Ao cabo, Emilio González López conseguirá localizar a documentación e foi aprobado nas seguintes Cortes que se celebraron no Mosteiro de Montserrat o 1 de Febreiro do 38, a pesar da oposición dos "prietistas" dirixidos polo deputado M. Cordeiro.

En outubro do 37 o goberno trasládase a Barcelona. Tobío ten que saír de viaxe de novo, xa non de inspección, senón para dar instrucións e recibir información. Os destinos son Atenas, Salónica, Sofía, Bucarest, Odessa. Nestas viaxes atopará diplomáticos como Ángel Giménez, que malia ser un home de mentalidade conservadora, de dereitas, mantívose leal á República porque era o bando da lei e da lexitimidade, a mesma postura van adoptar homes como Portela Valladares e Ossorio y Gallardo, son máis ben excepcións á norma xeral, o que os fai máis valiosos.

Ao regresar a Barcelona vive na Residencia de Estudiantes, alí coñecerá á que vai ser a súa muller, M^ª del Carmen Soler (Melu). Era unha estudante de Filosofía que organizara con outras compañeiras unha baiuca na universidade para dar almuerzo aos estudantes necesitados cos abastecementos proporcionados polos cuáqueros ingleses; por certo que máis adiante os franquistas confundindo os cuáqueros coa masonería van acusar de masona, o que lle creará, cando menos,

algún desgusto, ao regresar do exilio.

En maio do 38 mobilízano. Vai pasar por varios Centros militares, impartindo ou recibindo cursos. En Granollers vai sufrir un bombardeo da vila, pola aviación franquista, contra a poboación civil, participa na axuda aos feridos e no rescate dos mortos. A finais de xullo é destinado ao fronte co XV Corpo do Exército, onde padecerá as calamidades propias da guerra; durmir ao raso, frío, perigos, morte de compañeiros.

Uns meses despois é nomeado tenente auditor en campaña e deixa o fronte, regresando a Barcelona. Entra na comisión encargada da retirada de combatentes estranxeiros, polo que vai participar na disolución e despedida das Brigadas Internacionais. Ao rematar este traballo e tras pasar polo ministerio de Defensa, Álvarez del Vayo reclámao e é nomeado Secretario Xeral do ministerio de Estado. No seu posto intervén para que Blanco Amor sexa nomeado cónsul na cidade argentina de A Prata. Castelao estaba nos EEUU, seguía a facer un importante labor político e social denunciando cos seus debuxos os crimes do fascismo.

En Barcelona Tobío infórmase do asasinato, en Galicia, de moitos amigos seus, como o alcalde de Viveiro, Albino Cerdeira, de Ánxel Casal, que coa súa imprenta tanto fixera pola cultura galega, de Díaz Balliño, o gran artista que tantas veces visitara en Santiago..

Retoma a amizade con Melu e tras un curto noivado casa con ela o 24 de xaneiro do 39 nun xulgado de Barcelona, este matrimonio será anulado polo franquismo, que só recoñecía aos bautizados os casamentos canónicos, teranse que volver a casar no exilio. Dous días despois da súa voda chámano urxentemente

do ministerio, ten que trasladarse axiña a Figueras, onde vai haber xuntanza de ministros, a súa muller acompañaos, aos poucos días sairán os dous para o exilio.

VI A vida no exilio: Cuba, México, Uruguai. O traballo. Os amigos

O exilio comeza en Francia, Tobío e a súa muller pasan a fronteira sen problemas polo seu pasaporte diplomático. Instálanse en Perpignan, onde coñecen e comparten as mágoas dos españois que ían chegando en masa, maltratados na fronteira, internados en campos de concentración nos que non había condicións para acollelos, sen apoios internacionais, ían quedando sós. Ao cabo duns días saen para París onde Tobío traballa tentando amañar os problemas dos recién chegados, a principal tarefa era sacalos dos campos de concentración. O trato cos franceses segue a ser malo, Melu non ten pasaporte e arránxano conseguindo un no consulado do Uruguai (onde ela nacera).

O 19 de marzo embarcan no Queen Mary para Nova Iorque, onde se atopan con Castelao, infatigable traballador na defensa da República e do galeguismo. Tobío dá unha conferencia na Casa de Galicia sobre os últimos acontecementos da guerra e os problemas en Francia que causa unha forte impresión nos asistentes. Aos poucos días saen para Cuba

Na Habana recíbenos os tíos de Tobío, aínda que simpatizaban co bando franquista, preocupáanse por eles e tratan de axudalos, proporcionándolles contactos. A cidade e as xentes

gústalles moito, se ben o momento en Cuba non era bo para atopar traballo polas restriccións que o goberno de Batista puxera aos estranxeiros. Coñecen unha chea de intelectuais, Alejo Carpentier, Portuondo, Raúl Roa etc. Con algúns deles xorde a idea de fundar un centro de estudos superiores con profesores cubanos e españois, inspirado na filosofía da Institución Libre de Ensinanza, deste xeito nace a "Escuela Libre de la Habana" na que entran catro cubanos, Roa entre eles, e dous españois J Rubia (tamén galego) e Tobío. Entre tanto dá conferencias na facultade de Dereito e noutros centros como a Institución Hispano Cubana sobre temas variados e escribe algún artigo sobre os Balcáns.

Melu, a súa muller, ponse en contacto con grupos de mulleres escritoras e poetas coas que chegará a ter gran amizade, entre elas a recentemente premiada, Dulce M^a Loynaz.

Dos republicanos, exiliados na illa, relaciónase co poeta Manuel Alfoaguirre e a súa muller e cos galeguistas do Centro Galego como Álvarez Gallego, cuñado de Bóveda; outra gran amiga foi Mercedes Pinto, canaria, escritora e xornalista, que escribirá unha novela *EI*, prologada por Marañón e que será levada por Buñuel ao cine.

Polas cartas que recibe de Castelao dende N.I. infórmase que dende Francia non chegan máis ca malas novas. Todas son preocupacións, pídenlle cartos para as pasaxes, que non ten e trata de recadalos, pasa dificultades para gañarse a vida e sabe da chegada de E. González López á cidade.

A falta de perspectivas na solución dos seus problemas económicos (a Escola non dá cartos), fai que decidan a marchar a México. Na capital federal, o seu cuñado organizara un centro

de ensino o "Instituto Hispano Mexicano Ruíz de Alarcón", no que Tobío ingresa como profesor de historia. Tampouco así atopará solución aos seus problemas e aos poucos meses recomenzará a peregrinaxe do exiliado, agora o destino será Uruguai.



Na viaxe fai escala en N. Orleáns, cidade na que coñecerán o "jazz" que, a partir de entón, será unha das súas músicas preferidas, tamén pararán en Río, cidade que visitan acompañados duns curmáns de Melu que vivían ali.

Ao chegar a Montevideo, onde residirán vinte anos, recíbeos un tío de Tobío. Axiña contactan co Centro Republicano e coa Casa de Galicia, que ademais dos servizos de sanidade e axuda, desenvolvía un importante labor cultural; nun dos seus certames literarios prémianlle un ensaio sobre Pondal. A Casa publicaba unha revista "Alma gallega", o número extraordinario do Día de Galicia do 41 encárganllo a Tobío.

Os republicanos exiliados xuntábanse no café Montevideo nun faladoiro, ao que, de cando en vez, ía algún que estaba de paso, como Castelao. O tema central era a situación europea, a marcha da guerra mundial e sobre todo a situación de España baixo a dictadura

No Uruguai sentíanse ben. Non había as grandes diferencias sociais doutros países próximos. A maioría da poboación era urbana e este factor, xunto coa reforma escolar de 1877, fixo que houbera o nivel de instrución máis elevado de América Latina.

Tobío descríbemos Montevideo cunha serie de trazos característicos, dos que destacamos: o cosmopolitismo, tanto nas oficinas como nos clubs atopábase xente de diferentes países e ideoloxías; o laicismo da sociedade, na que a Igrexa nunca tivo moita influencia, o que non impedía que houbera certos sectores da poboación cunha relixiosidade inzada de crenzas máxicas e o importante papel que nesa xogaban as mulleres, posuidoras dun alto nivel de instrución, o que lles permitía desenvolver diferentes tarefas como profesoras, médicas, políticas e sobre todo mestras no ensino primario, no que foron a base da reforma educativa. A súa integración en postos de responsabilidade non lles restaba sentido crítico sobre a situación xeral da muller.

Tamén nesta cidade farán amizade con boa parte dos intelectuais que residen nela, un dos primeiros será o pintor Torres García que fixera un interesante labor impulsando as artes plásticas e creando escola. O seu recoñecemento e valoración internacional chegará, como ocorre tantas veces, cando el xa estea morto; relaciónanse tamén con Magariños, Benedetti, Ida Vitale, Carlos Vaz, Esther de Cáceres etc.

Comeza a traballar no periódico "El Día" que tiña unha orientación liberal democrática, moderada e anticomunista. Nas súas páxinas Tobío publica semanalmente artigos sobre temas internacionais e no suplemento semanal outros de carácter histórico,

literario e artístico. Participa tamén na Radio Ariel con programas sobre política internacional ou con cursiños de carácter cultural.

No ano 44 entra como redactor fixo no xornal, aos seus artigos engadirá a tarefa de entrevistar a personalidades estranxeiras. Para completar os ingresos fai traducións para a editorial Sudamericana de libros de historia de Grecia, Roma, a biografía novelada de Enrique IV de H. Mann, novelas de H Hess etc., traducirá tamén a obra do seu vello profesor alemán Heller o Staatshere que foi publicada polo Fondo de Cultura Económica de México. Esta actividade tradutora daralle a satisfacción de recibir moi boas críticas, aínda que tamén algún mal momento ao seren algunhas delas manipuladas sen o seu consentimento.

O ano 47 trae importantes novidades, Tobío vai cambiar de traballo, deixa o periódico para entrar na sección de publicidade da empresa farmacéutica F.Hoffman-La Roche, o que lle permite amañar a súa situación económica. Esta casa desenvolvía unha gran obra cultural, subvencionando actividades científicas e artísticas, e entre o seu persoal había exiliados españois, xudeus alemáns, ingleses, norteamericanos, suízos etc.

O novo traballo non o distancia das súas actividades culturais. Pouco antes, a Federación de Sociedades Galegas da Arxentina premíalle unha selección de poesías francesas e inglesas traducidas ao galego, publicada anos despois; dá conferencias no Centro Republicano e nas institucións galegas sobre temas variados, moitos deles relacionados con Galicia.

Outro dos temas do seu estudio, nesa época, é o da cultura e Historia de Bizancio, polo que sentira interese desde a súa estada en Istambul cando era diplomático en Bulgaria, sobre

esta materia vai escribir varios ensaios.

Na súa casa de Montevideo recibe visitas de persoeiros amigos, como Otero Pedrayo e a súa dona Fita, invitados polo Centro Galego para impartir unhas conferencias, falan de vagar das cousas da terra e do que andaban a facer os amigos das dúas beiras do Atlántico, ou de como Salvador de Madariaga diserta, dende posicións antifranquistas, sobre a defensa da restauración da monarquía, solución que daquela resultaba, como mínimo, desconcertante e que fora moi criticada por homes como Prieto e outros que, ao cabo, buscarán a colaboración coa monarquía anos máis tarde.

O seu interese pola arte lévao a manter amizade, algunhas delas xa de vello, cos pintores que residen en B. Aires como Colmeiro, Laxeiro, Novoa e Díaz Pardo e relación epistolar con R. Dieste, o escritor, que está en Cambridge como lector de español

Os traballos e actividades non impedían que toda a familia fose, nos veráns, a descansar en contacto coa natureza, ben a algunha das praias do Río da Prata, ou ao campamento de Piriápolis, que organizaba unha asociación cristiá, á que eles non pertencían, pero que mostraba un respecto absoluto coas crenzas de cadaquén. Nunha desas vacacións coñeceu a Pepe Suárez, o gran fotógrafo, que tiña moito éxito entre a alta sociedade uruguia e do que se fai moi amigo de contado, Suárez, home xeneroso, agasallarao cunha chea de fotos de tema galego. Outro círculo no que entran e fan amigos é o "Club Hípico Uruguao", onde Melu e Miguel aprenden equitación e practican outros deportes. O club era unha sociedade internacional, con xentes de diversos países europeos cos que se organizaban

ceas, bailes e asados crioulos.

No ano 54 nace a súa filla Constanza e morre a súa nai, Mélida, a tristura pola perda é aínda maior por non poder ir xunta ela cando, xa grave, pediu que o chamaran para despedirse del.

Nos primeiros anos do 60, comezan a cambiar as cousas no Uruguai, a situación empeora e moitos dos seus amigos marchan ao estranxeiro; ante a crise económica, a dereita faise co poder e aplica unha política de liberalismo económico que a agrava. Estas circunstancias unidas á experiencia da revolución cubana e á figura do Che, provocou a aparición da guerrilla urbana, "os tupamaros", moitos deles mozos, estudantes movidos máis polo romanticismo que por análises obxectivas. Varios compañeiros de Miguel, o fillo, van rematar no cárcere, xa que o goberno acabará por entregarlle o poder a unha dictadura militar que, como na Arxentina, facía e desfacía ao seu antollo e para o seu proveito.

A Tobío, acreditado pouco antes como traductor na ONU, a empresa Roche, que pecha as súas oficinas en Montevideo, ofrécelle un posto de traballo en Madrid como encargado da tradución e edición das publicacións en español destinadas a Latinoamérica. Acepta encantado. Non só polas razóns xa expostas da situación política, senón tamén porque Melu, a súa muller, tiña moitos desexos de poder ver e coidar aos seus pais, xa maiores. Só un feito vén a minguar un anaco a súa ledicia; pouco antes mercaran unha casa con terreo, nunha poboación próxima a Montevideo, arranxáranla, non sen traballo, e puxeran moita ilusión en preparar o xardín, plantar árbores etc; cando empezaban a gozar dela, teñen que deixala, cunha mágoa profunda.

VII O seu traballo como galeguista no exilio

Un dos feitos políticos máis importantes nos que vai participar Tobío é a creación do **Consello de Galiza**. No ano 44 recibe a visita de Castelao, quere comentar con el o proxecto, falan longo sobre a súa comenencia, posibilidades e o xeito de darlle unha forma legal. Finalmente Tobío quedou en mandarlle por escrito os seus puntos de vista, en resumo argumentaba que o Consello era a representación da continuidade da legalidade republicana. Xurdiu pois o Consello como unha necesidade de manter a forza e a acción da autonomía de Galicia. Tobío defende que o constitúan os deputados, xa que estes representaban a vontade política galega, ao seren elixidos democráticamente dábaile unha base legal, lexislativa, aínda que non executiva. As súas opinións, como é coñecido, serán apoiadas por Castelao. Neste caso, coma noutros, xogará un papel, na sombra, en cuestións importantes da nosa historia.

O Consello constituirase ao ano seguinte no Ateneo de Montevideo. Formarán parte del algúns dos deputados galegos no exilio: Castelao, Alonso Ríos, E. Villaverde, A.Somoza e recibirá as adhesións de E.González López e E. Lourenzo que estaban en N.I. e en México respectivamente. Castelao foi nomeado presidente, como tal formará parte de "Galeuzca" e máis adiante do goberno da República no exilio, presidido por Giral.

A creación do Consello vai orixinar controversias e mesmo provocará unha certa división na oposición exilada, xa que algúns deputados republicanos non se integrarán nel, co que se vai iniciar unha crise que, segundo Beramendi, levará ao

nacionalismo exiliado a pechar posicións arredor de si mesmo, da figura de Castelao e do legado do PG republicano, sintetizado en *Sempre en Galiza*.

O Consello tampouco vai ser pienamente aceptado polos galeguistas do *interior* que poñían en cuestión a súa capacidade para representar ao conxunto das forzas democráticas galegas, o que non impediu que apoiasen para que Castelao fose nomeado ministro no goberno de Giral.

Tobío minimiza estas diverxencias e resalta o papel do Consello na medida que deu, durante bastante tempo, unha personalidade política ao galeguismo, de gran utilidade e desenvolveu unha función social, sobre todo no Río da Prata

Cando Tobío sexa nomeado delegado do goberno da República no Uruguai aceptará "para non poñer atrancos," se ben aos poucos meses dimitirá "ao decatarme de que aquilo non camiñaba e servía de pouco". Neste caso haberá que recoñecerlle a visión política, xa que pouco despois moitos outros, entre eles o mesmo Castelao, acabarán decepcionados e abandonando o goberno tras a dimisión de Giral.

Os anos 50 comezan coa morte de Castelao que supón un gran impacto emocional en toda a colectividade galega. As actividades terán a partir da agora un carácter máis cultural que político, nesta liña Tobío participa xunto con Canabal, Meilán e outros na fundación dun programa de radio chamado "Sempre en Galiza," que tiña como obxectivo espallar mensaxes de galeguidade e que aínda se emite actualmente.

Neses anos nace tamén a Agrupación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas (AGUEA) fundada por A.Baltar, Dieste, Seoane, Valenzuela etc. e que segundo

Beramendi⁹ é unha das iniciativas que xorden pola esquerda do galeguismo (como a revista *Galicia Emigrante* dirixida por Seoane ou as "Mocidades galeguistas" de Neira Vilas, Abraira e outros) perante a incapacidade mostrada polo Consello no seu papel orientador.

Tobío recibe en Montevideo a visita dos seus vellos compañeiros do Seminario de Estudos Galegos, F. Bouza Brey e Fco. Fernández del Riego, que o poñen ao día dos traballos, dificultades e miserias que teñen que pasar por manter o galeguismo baixo o franquismo.

A actividade de maior relevo neses anos foi a celebración do **Primeiro Congreso da Emigración Galega**. O motivo que levou ao Consello de Galicia a organizalo foi impulsar o sentimento galeguista e fíxose coincidir co centenario do Banquete de Conxo, organizado en 1856 por Aguirre, Pondal, Murguía e outros, tratando de simbolizar a fraternidade entre as distintas clases sociais e que tradicionalmente, aínda que segundo Barreiro Fernández¹⁰ sen moito fundamento, foi considerado como un acto de afirmación galeguista e asumido como un fito importante na toma de conciencia dos dereitos do pobo.

A comisión organizadora estivo presidida por M. Puente e nela participaban Abraira, Prada, Neira Vilas e outros. Tobío encargouse da preparación do Manifesto, Temario e Regulamento do Congreso.

Nesta ocasión tamén se amosaron certas divisións entre os galeguistas. A Comisión organizadora excluíra do congreso á AGUEA e á revista *Galicia Emigrante*, o feito desconcerta a

⁹Beramendi, Nuñez. Opus cit.

¹⁰Barreiro Fdez., X.R. "*Historia de Galicia, Tomo IV.*" Ed. Galaxia páx. 273.

Tobío, o que nos leva a supoñer que mantiña unha posición afastada das tensións que había no colectivo de Bos Aires; aínda así verase afectado, xa que xunto aos outros delegados que viñan de fóra, foron convidados a un xantar onde Blanco Amor propón que se boicotee o Congreso. Sobre a proposta Tobío di "*xa era tarde para tomar unha tal decisión, aunque estivese xustificada*", polo tanto acórdase que os delegados intervirán para que se arranxe o problema o que se consegue, a AGUEA pasa a formar parte da mesa, entre os aplausos de todos. O Congreso foi un éxito e tivo unha gran resonancia.

Con ocasión do incidente comentado cómpre destacar un dos trazos característicos da personalidade de Tobío que é o seu talante dialogante, conciliador, aberto e respectuoso coas opinións alleas, máis dado a "*compoñer humores*" que a favorecer tensións, o que lle permitirá manter amizade con xentes de moí diversas tendencias, con homes socialmente máis conservadores como R.Prada ou aqueles outros pertencentes ao grupo radical como Seoane, con Arturo Cuadrado ou L. Varela, moitos deles vellos coñecidos dos tempos de Santiago. Aínda así, a posición de Tobío tenderá sempre máis á esquerda que cara ao conservadorismo.

No que respecta ás diferencias internas do galeguismo, Tobío insiste sempre en que as relacións de cordialidade entre eles foron a norma, malia as súas distintas opinións, que eran sobre todo de táctica política. Discutían, pero por riba de todo, respondían ao mesmo senso galeguista.

No que facer cultural, ademais de conferencias como as que expuxo no Centro Republicano sobre "A loita do pobo galego pola súa liberdade" ou "O liberalismo galego", a actividade máis

importante na que participa foi a edición dos dous primeiros volumes, da "Historia de Galicia" que, dirixida por Otero Pedrayo, vai editar M. Puente. Cando chega o material a B.Aires danse conta que non está en condicións para enviálo ao prelo, R. Prada prégalle a Tobío que se encargue de unificar a ortografía e pór orde na linguaxe dos textos. Este traballo lévao a iniciar unha abundante correspondencia con Otero que se prolongou durante varios anos. Cando lle envíe os primeiros exemplares, D. Ramón amósalle admiración e respecto polo seu traballo. Moitas outras gabanzas recibiu Tobío polo seu traballo, entre elas a de Fernández del Riego que lle escribe dende Vigo para felicitalo..

VIII O regreso

O retorno foi por separado. A muller e os fillos fano en barco a Barcelona. Tobío toma o avión que o leva a Suíza, á casa central de Roche. Deste país valorará a súa capacidade de permitir a convivencia entre diferentes grupos nacionais, lingüísticos e relixiosos, a súa seriedade e discreción nos negocios; pero amólalle o trato distante cos emigrantes que fan o traballo que eles non queren facer.

No Nadal do 62 a familia xúntase en Barcelona, na casa dos pais de Melu. Un dos primeiros problemas que teñen que afrontar foi a orde de detención contra a súa muller, acusada de pertencer á masonería dende os tempos da guerra. Ata que se peche o expediente terá que prestar declaración en dúas ocasións ante un tribunal que insiste en que lle informe sobre as

actividades e membros da masonería. Paradoxalmente, a Tobío, que xogara un papel importante a favor da República, na guerra e no exilio, non o importunaron.

Por razóns de traballo instálanse en Madrid; prodúcelle unha impresión de cidade pobre, mal coidada, chea de construcións de mala calidade e peor gusto e cunha pésima administración.

Nesa España franquista había algúns espazos nos que a xente se podía expresar con certa liberdade, por suposto mal vistos polo Réxime. A eles acudirán, de cando en vez, Tobío e a súa muller, refírome ao faladoiro do café Xixón, onde se axuntaban escritores, artistas, xentes de teatro e no que había tamén unhas conversas de galegos ás que ían Fernández Armesto, Pepe Cerdeiras, Laxeiro, algúns maxistrados e outros. Tamén asistían, no café Lion, a outro coloquio co escritor Antonio Espina, un home cunha historia persoal semellante a Tobío, e Arturo Soria, fillo do arquitecto, que pasara o seu exilio en Chile, onde quedou o seu sobriño, Carmelo, que anos despois sería asasinado por Pinochet.

Algúns amigos e coñecidos, cando se corre a noticia de que Tobío está en Madrid, acoden a visitalo, Xulio Cordal, compañeiro de Santiago, que traballaba no ministerio de Industria; Martínez Barbeito; Pepe Cerdeiras e outros.

Tamén en Madrid empeza a dar conferencias, a primeira no Centro Gallego sobre Feijoo.

No verán vén a Galicia onde visita a algúns dos seus irmáns. Dende Vigo, en compañía de Fernández del Riego, achégase a Baiona e xanta no Parador "Conde de Gondomar", e visita o Pazo do Conde, momento emocionante para el, que xa está interesado polo personaxe do Conde.

En Viveiro, o verán seguinte, atopouse cun dos seus tíos de A Habana, que tivera que marchar pola revolución, outros fóranse a Miami. Tocáballes a eles agora coller o camiño do exilio. O feito entristece a Tobío.

As súas estadias en Galicia repetíranse varios anos, irá a Vilagarcía, A Guarda, Pontevedra etc, en tódos os sitios atopará vellos amigos; tamén acudirá, nas vacacións, a outros lugares como o Levante, Andalucía, S. Sebastián, Santander e sobre todo a Cataluña onde está a familia política e atopará en Sitges un lugar do seu gusto. Ademais destas viaxes por España, unha semana ao ano facían unha viaxe fóra, visitaron Londres, Lisboa, Italia e algúns dos lugares onde xa estivera como Odessa.

IX O reingreso na Carreira

No ano 74, meses despois de xubilarse en Roche, recibe o aviso de que vai reingresar na Carreira diplomática coa categoría de conselleiro de embaixada.

Dez anos antes, por insistencia de Melu, presentara varias instancias que non tiveron resposta. O silencio administrativo levouno a poñer o asunto nas mans dun avogado e presentar reclamacións por vía xudicial. O Tribunal Supremo denegou a petición, pero anos máis tarde recibe a chamada dun cargo do ministerio que lle di que vai mover o tema e pídlle que achegue cartas de aval de persoeiros de distintos sectores (bispos, maxistrados, catedráticos de universidade etc.), conséguelas, pero o asunto volve a estancarse. Tamén Fernández Armesto realizou xestións neste senso, entre elas a Fraga que era daquela embai-

xador en Londres e mandou unha carta ao Ministerio ao seu favor, que finalmente tampouco deron resultado. Foi no cambio de goberno co que Cortina Mauri, compañeiro de promoción, chegou ao Ministerio de Exteriores o que permitiu o reingreso de todos os que o tiñan solicitado. Destínano como xefe de sección de Legalizacións, que funcionaba moi mal, intentou melloralo e non quedou satisfeito dos resultados, polos atrancos que se lle puñan e a pouca preparación do persoal. Aos dous anos xubilouse.

X As mulleres na vida de Tobío

Ao longo da súa Autobiografía, Tobío manifesta unha alta valoración das mulleres, empezando polas da súa propia familia, das que xa falamos; ás mulleres centroeuropeas atoparaas "intelixentes, sensibles, asisadas e tenras," en semellantes termos exprésase sobre as uruguaias e en xeral cando se refira ás súas amigas e coñecidas. Certamente a simpatía é mutua, aínda que a proverbial discreción e reserva de Tobío fai que non se estenda en moitas miudezas, tivo na súa vida, antes de casar, varias relacións amorosas e sexuais e foi correspondido nos seus desexos e sentimentos.

Tobío defende sen dúbidas a igualdade de dereitos e son frecuentes na súa obra os comentarios sobre a capacidade da



muller; é moi crítico coas actitudes machistas e favorable ao feminismo, sendo neste sentido un home adiantado ao seu tempo o que non deixa de ser meritorio pois entre a xente da súa xeración son coñecidas posturas non tan comprensivas e radicais como a súa.

A muller que tivo unha maior influencia na súa vida foi M^a del Carmen Soler, que compartiu a súa vida durante case cincuenta anos, ambos tiñan en común unha gran cantidade de intereses.

Persoa de grandes inquiredanzas intelectuais e vitais, viu frustrado o seu desexo de rematar a carreira de Filosofía que comezara en Barcelona a pesar de intentalo repetidas veces. Ao regresar a España participou en distintas actividades culturais como a "Asociación Española de Mujeres Universitarias" e un Círculo Literario feminino.

Tiña escrito algún libro e varias novelas que estaban sen publicar. Nos derradeiros anos da súa vida publicará tres libros, *Como enriquecer la tercera edad*, *Banquetes de amor y de muerte* e *Gracia y justicia en los manjares. Los contactos entre la gastronomía y el derecho*.

Muller decidida e animosa impulsou sempre a Tobío nos seus proxectos. Como a Constanza de Gondomar, coidouno, e foi amiga e boa compañeira coa que discutía os seus puntos de vista, non sempre semellantes. Cando morreu en 1987 ocorreu para el "a meirande desgracia que podía mandarme o destino"

XI O traballo sobre o conde de Gondomar

O interese de Tobío pola figura de D. Diego Sarmiento de

Acuña, primeiro conde de Gondomar, remóntase aos seus anos de estudante en Santiago. Un dos seus profesores, Pérez Bustamante, falará deste personaxe na lección inaugural do curso 28-29 e fará unha comunicación sobre o mesmo ao Seminario de Estudos Galegos. Esta información despertará en Tobío a curiosidade por D. Diego. Na súa estada en Bulgaria comezou a ler o que se tiña publicado sobre o Conde, tanto no estranxeiro como en España, que non era moito.

Xa de regreso a España retoma as investigacións que aumentan a súa simpatía por Gondomar:

".. a esculca habrá de crecer o meu interese ata chegar a sentir coma unha irmandade espiritual co personaxe, pois tiña un gran amor a súa terra, cuio prestixio e ben procuraba.." "

Solicita e consegue permiso do Padroado Nacional para acceder aos fondos da Biblioteca Real na que están depositados a maior parte dos documentos, libros e correspondencia do conde de Gondomar. Acode tamén á Biblioteca Nacional e á Academia de Historia onde se atopan outros documentos como o "Índice e Inventario" da biblioteca de Gondomar. Desta tarefa saíran as dúas grandes obras publicadas *Gondomar e o seu triunfo sobre Raleigh*, Gondomar e os católicos ingleses, e outra aínda sen publicar *Gondomar e Digby*. O conxunto desta obra é hoxe imprescindible para achegarse á figura de Gondomar e establece unha relación entre o autor e a vila de Gondomar, que acaba de ser recoñecida por esta, ao poñerlle o seu nome ao

"Tobío, L opus cit.



Auditorio. Ademais das obras citadas ten publicado, sobre o mesmo tema, varios artigos, o primeiro titulado "Gondomar, bo galego," mandoullo a Seoane (publicouse na revista "Galicia Emigrante), quen o animara nos anos do exilio a iniciar investigacións sobre o Conde.

En Grial vai publicar varios artigos máis:"O

nomeamento de Gondomar como embaixador en Londres", "O erasmismo de Gondomar", "Gondomar e o galego", "Outras dúas cartas en galego de Gondomar", "Bacon e Gondomar" e "Galego familiar escrito a comezos do século XVII". Na Revista de Estudios Internacionales sairá tamén un pequeno ensaio sobre "Cuestións de precedencia na Corte inglesa durante a embaixada de Gondomar" e no renacido Seminario de Estudios Galegos outro titulado "A intervención de Gondomar nos problemas internacionais da pesca".

XII Dous homes, un retrato

Na obra "Gondomar e Raleigh", Tobío fai un retrato de Gondomar¹² subliñando algúns dos trazos máis destacados do

¹²Tobío, L. "Gondomar y su triunfo sobre Raleigh" páx 147-157.0

seu carácter e dado que as semellanzas entre os dous son realmente grandes, pódense extractar deste texto algúns elementos comúns para achegarnos á personalidade de Tobío:

- Ambos senten un profundo amor polo país, as súas xentes e as cousas de Galicia. No caso do Conde maniféstase na carta que escribe na defensa dos galegos, nas súas propostas para mellorar a economía e nas xestións que fai para recuperar o dereito a voto nas Cortes. Este sentimento é o que empurra a Tobío a desenvolver un traballo, tanto político como de carácter cultural, que é un dos eixes fundamentais da súa vida. O remate da súa súa autobiografía resúmeo ben:

*foi fermoso vivir coa ilusión de estar axudando a restaurar a vella casa común, escanastrada por alleos e alleiros, para despois enriquecela con novas construcións.*¹³

- Os dous son diplomáticos, oficio que ademais dunha profesión é un carácter. O acceso á Carreira é algo accidental en ambos; Gondomar será enviado por Lerma como embaixador a Londres cunha clara intención de afastar da Corte a todo aquel que lle poida facer sombra; Tobío toma a decisión de preparar as oposicións como un xeito de resolver a vida. Sexa como fose ambos posúen características persoais que os fan moi dotados para este traballo, son homes que gustan de resolver os problemas pola vía do diálogo e da conciliación, que teñen unha gran intuición política e que, nun momento dado, son capaces de asumir decisións arriscadas.

- O europeísmo. Ten que ver coa formación intelectual dos

¹³Tobío, L. *As décadas...* páx 702.

dous, pero tamén cun espírito aberto, que lles permite valorar, aceptar e aínda aprender doutros puntos de vista e que enriquece a súa perspectiva. Xunto con este trazo hai que destacar a gran capacidade de traballo que posúen, sen o que as aptitudes de pouco valen.

· Como bos galegos gustáballes comer, beber, cantar e bailar. Son constantes ao longo da vida de Tobío as referencias á boa mesa, aínda nos tempos máis difíciles. Como xa indiquei, a súa muller, que compartía este gusto e era boa cocifeira, publicou un par de libros sobre o tema. Cantar e ensinar as cancións que aprendera na súa infancia en Galicia será tamén unha actividade frecuente nas xuntanzas cos amigos, tanto nos tempos de estudante, como na carreira diplomática e no exilio.

Son grandes conversadores. Saben gran cantidade de anécdotas coas que amenizan os seus relatos, ambos posúen un gran sentido do humor, utilizan a ironía galega que tanto bota en falta Tobío en Alemaña.

· O amor á natureza, aos paseos, e como xa vimos ás viaxes, nos que manifestan interese polos costumes diferentes. Os cabalos son tamén unha afección común, como o gusto por determinadas actividades físicas e deportivas, que serán diferentes por seio as épocas nas que viven.

Esta breve aproximación á figura de Tobío quedaría incompleta sen facer referencia a un aspecto do seu carácter, no que se diferencia de Gondomar, e que se pode considerar un dos seus valores máis destacados: a lealdade e a coherencia cos seus principios. A súa vida é boa mostra desta cualidade, un ben escaso nunha sociedade como a nosa onde imperou e aínda domina o espírito mendicante, o enchufismo e o clientelismo.

Para rematar, cómpre dicir que, certamente, a súa peripecia vital supuxo a negación de moitas ilusións e esperanzas, a frustración dunha carreira que comezaba a dar os seu froitos e amosaba un brillante futuro, pese a isto non hai en Tobío sinais de amargura ou resentimento, o que non quere dicir que non teña conciencia do perdido, do que podería ter sido. O seu xorne vitalista e positivo axudouno a valorar o que a vida lle ofrecía en cada momento e a agradecer o que de bo lle tocou vivir

XIII Recoñecementos

No tocante aos recoñecementos, aínda que como sinala a Enciclopedia Galega¹⁴, este personaxe “agarda unha cumprida revalorización,” hai que sinalar algúns dos que foi obxecto nos últimos anos e que son, por el, moi queridos:

- “Pergamiño de Honra e Louvanza” que o Padroado do Pedrón de Ouro lle concedeu pola “súa constante lealdade na defensa dos dereitos nacionais de Galiza”.1984
- Premio Trasalba concedido pola Fundación Otero Pedrayo.1991
- Medalla de honor “Cidade de Viveiro”.1996
- Premio das Artes e das Letras de Galicia 1999
- O concello de Gondomar púxolle o seu nome ao Auditorio Municipal. 2001

¹⁴ Voz: Tobío Fernández. Lois.

Bibliografía

BERAMENDI, J., NÚÑEZ, X.M: O nacionalismo galego. Ed. A Nosa Terra vigo 1995

BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R.: Historia de Galicia. tomo IV Edade Contemporánea. ed. Galaxia. vigo 1981

BOZZO, A: Los partidos políticos y la Autonomía en Galicia 1931-1936. ed. Akal Madrid 1976

ENCICLOPEDIA GALEGA: Voces: Tobío Fernández, Luis; Viveiro; Amaía.

TOBÍO, Lois: As décadas de T.L. Edicións do Castro. Sada. A Coruña 1994

TOBÍO, Lois: Gondomar y su triunfo sobre Raleigh. Ed: Bibliófilos Galegos 1974

TOBÍO, Lois: Gondomar y los católicos ingleses. Seminario de Estudios Galegos. 1987

Rosa Pascual Abal

Naceu na Ramallosa.
Licenciada en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago.
Catedrática de Ensino Secundario. Exerce no I.E.S. Escolas Proval.

do iem
Cadernos

Nº 2

Val Miñor



D. Lois Tobio:
unha aproximación biográfica

Rosa Pascual Abal